

# Roteiro

## O VÍNCULO CO MÁIS ALÁ

Cemiterio dos Eidos - Capela Santa Mariña  
Redondela

Elaborado polo alumnado do

IES Pedro Floriani



ACOMPÁÑATE  
NO CAMIÑO

*Pasear polo Cemiterio dos Eidos é unha lección da historia local e da arquitectura funeraria dos séculos XIX e XX. Foi construído arredor de 1830 cando se trasladaron os restos do cemiterio medieval situado no adro da igrexa. A primeira tumba data de 1860, chegando a contar con máis de 700 enterramentos, 120 deles en terra e unha foxa común da Guerra Civil.*



O lugar elixido para situar o cemiterio foi un enclave situado no Campo das Redes, ao Nordeste da igrexa parroquial de Santiago Apóstolo, nos extramuros da vila de Redondela, nos terreos anexos ao hospital de pobres e peregrinos. No inventario municipal de 1923 figura cunha superficie de 1.733,75 metros cadrados, aínda que a súa extensión real é de 1.862,60 metros cadrados. O seu perímetro é rectangular, circundado por amplos muros de cantería de perpiaño, cunha altura media de 2,40 metros, e unha única entrada con marcos de cantería e portalón de reixas.

Co paso dos anos vai tomando gradualmente a súa forma actual coa instalación de panteóns e sepulturas por todo o perímetro, adosados ao muro de peche, a excepción dalgún mausoleo, como o dedicado ao alcalde de Redondela, Ramón Pardo Ferro, situado no centro dunha das catro zonas internas. O cemiterio foi proxectado por **Antonio Arines**.



En 1927 o concello autoriza a construción de novos panteóns e mausoleos no Cemiterio dos Eidos, orixinando o corredor principal no centro da estancia, tal e como se observa hoxe. Completaríase o conxunto dunha maneira gradual con outras pezas funerarias que darían orixe á vía transversal, xerando as catro zonas que hoxe se aprecian.

No camposanto o poder burgués se expresou en vistosos panteóns e mausoleos que competían en monumentalidade. O cemiterio tamén reflicta a importancia que alcanzou en Galicia a emigración, destacados indianos que regresan enriquecidos constrúen suntuosas residencias, e no cemiterio levantan panteóns ou mausoleos. (2006, Orge Quinteiro).

O cemiterio dos Eidos conta con **panteóns de gran valor artístico**, a maioría de estilo ecléctico, realizados virtuosismo. Ten unha estrutura de parque-xardín cun estilo arquitectónico propio nunha época moi romántica no que o estilo en auge era o neogótico, un movemento que xurdiu en Inglaterra xa que se consideraba o estilo máis próximo a Deus. Foi pensado como un espazo de paseo nunha época na achegamento á morte, como unha vila dos mortos que fose unha prolongación da vila dos vivos.

Destaca o panteón monumental do alcalde **Ramón Pardo Ferro**, no que se erixe unha escultura da fe cos ollos vendados que nos indica o gusto romántico pola morte e a traxedia.

Tamén é salientable, pola estranxeza da súa simboloxía, o mausoleo dedicado ao procurador **Francisco Crespo Rivas**, colaborador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que inclúe unha columna coroada cunha pirámide e cuxo deseño chegou da Arxentina.







Familia San Román,  
señores de Saxamonde

Outro enterramento de interese artístico é o da **familia San Román**, señores de Saxamonde dende o século XII aos que o rei Carlos II lles concedeu o título de condes no século XVIII.

Sobresae tamén o enterramento, feito por sufraxio popular, do fillo predilecto de Redondela **Isidoro Queimaliños**, que foi alcalde en 1900.

### O Ó'Dogherty, o heroe de Ponte Sampaio

Ademais, hai un enterramento de gran interese histórico, o do heroe da batalla de Ponte Sampaio, coñecido como o "Waterloo español" (1809) **John O´Dogherty** que salvou a Vigo e a Portugal da invasión das tropas napoleónicas.

John casou con M<sup>a</sup> José Maceda, cuxo pai fora fusilado polos franceses. O matrimonio tivo seis fillos e dúas fillas. O alferez de navío foi inicialmente enterrado no exterior da igrexa parroquial de Santiago Apóstolo dende onde foi trasladado no ano 1944 ao panteón que lle foi concedido en propiedade a John O´Dogherty Browne como heroe de Ponte Sampaio.



Isidoro Queimaliños

### Represaliados soterrados nos Eidos

Existe unha **foxa común** na que foron sepultadas 42 persoas represaliadas da Guerra Civil asasinadas polos falanxistas no termo de Redondela, entre os que hai que contar o maquis **Rogelio García Molares**. Isto motivou que, o catorce de abril de 2001, nun emotivo acto ao que asistiron os vellos republicanos da vila, propiciado polo actualmente denominado *Colectivo Republicano de Redondela*, se inaugurase un monólito cunha placa na memoria destas persoas, ata entón o único en toda a provincia que lembraba os mortos pola represión franquista.



O camposanto dos Eidos, que xa non se usa na actualidade, é propiedade municipal e pódese visitar libremente. Aspira a formar parte da **Ruta de Cemiterios Singulares de Europa**.



John O´Dogherty, o heroe de  
Ponte Sampaio

### Recursos bibliográficos

Orge Quinteiro, J. A, (2006)  
*Os Eidos: a vila dos mortos*  
Seminario de Estudos  
Redondeláns (SEREN), Boletín nº 3.

### Recursos web

[anecdotarioredondelan.jimdo.com](http://anecdotarioredondelan.jimdo.com)  
[www.redondela-server.net](http://www.redondela-server.net)  
[farodevigo.es](http://farodevigo.es)





*O tramo urbano de Redondela do Camiño de Santiago remata na Capela de Santa Mariña, tamén coñecida como Capela das Angustias, unha construción de reducidas dimensións e planta case rectangular que foi edificada a comezos do século XVIII.*

Conta cun tellado a dúas augas e na súa fachada cunha porta barroca con pilastras nos laterais que rematan nun capitel e unha fiestra por riba da porta en forma de catro pétalos.

Ten unha torre-campanario dun só tramo que remata nunha cúpula cun reloxo de sol na esquina da súa parte dereita.

Parece ser que esta capela xa existía no século XVII ocupando a metade de espazo que a actual. Cara a estrada tiña un cortello con tellado de palla. Preto da capela había unha casa de planta baixa cunha reixa dende onde escoitaban misa os enfermos de lepra.

Estes enfermos eran atendidos nun pequeno hospital que había no sitio da Costa da Forca, no Monte do Cuco, e cando ían á misa unha persoa os acompañaba tocando unha bucina para que non se achegara a xente. Tamén aproveitaban ás saídas para lavarse na fonte do Mouro polas súas propiedades curativas.



Metrominuto do roteiro



A finais do século XIX, o notario do distrito de Redondela entre 1868 e 1897, **Juan Climaco Seoane y Salgado**; **Jenaro Borines Ponte**, alcalde de Redondela en 1862 e posteriormente en 1874 e o tamén alcalde **Santos Esteiro** (1868) fundaron unha irmandade que contribuíu á reconstrución da capela en 1871.

Nun principio estivo dedicada ao Espírito Santo e ata o ano 1904 pertenceu á parroquia de Cesantes, data na que o Bispado fixo un arranxo parroquial: a rúa de Santa Mariña, a súa capela e o Monte do Cuco todos eles de Cesantes agregáronse a Redondela.

En 1910 comprouse a figura de Santa Mariña, obra do escultor **Ramón Núñez Fernández**, profesor na Escola de Industria e Artes de Santiago de Compostela entre 1894 e 1911.



Na actualidade a capela de Santa Mariña permanece fechada.

### Crónica provincial

#### Santoral y cultos

25 Martes Ss. Luis, rey y cf., Ginés de Arlés, m., Gregorio, ob., Patricia, vg., y el B. Juan de Ribera.  
16 Miércoles Ss. Coferino, p. y m., Irene, Abundio y Viores, mrs., y Félix, cf.

Regatas en Pontevedra.—El (partman de Villegareña señor Patill)

**Incendio.**—En Conjo hubo antoño de madrugada un incendio en un almacén de D. Bautista López, donde guardaba 900 pieles de cordero que valdrían 3.000 pesetas.  
Había además gran cantidad de cajas de huevos y unos fardos con pañuelos de cachemir y géneros de punto, todo lo cual sufrió bastante daño.  
La casa ora del auxiliar de Derecho señor Gonzalez Salgado.  
**Función religiosa.**—El domingo próximo se celebrará en la capilla de nominada de Santa Marina, de la parroquia de Cesantes, extremuros de la villa de Redondela, la función religiosa que anualmente dedican los devotos a la Virgen de las Angustias.

*El Áncora, diario católico de Pontevedra nº 1779, anunciaba o 25 de agosto de 1903 a celebración relixiosa anual que os devotos dedicaban á Virxe das Angustias.*

SOAR  Sociedade  
de Amigos de  
Redondela



Xacobeo 2021